

2ª CARREIRA CAMIÑO DAS LETRAS

SANTIAGO DE COMPOSTELA



G D

R

H G O I A

N



16
de maio
2015

**Agasallo
dun libro**
a cada participante

Saída ás 17.30 h
dende A Lavacolla
ata o Monte do Gozo, 8 km

**Circuíto para
nenas e nenos**
no Monte do Gozo

**Servizo de
gardarroupa
e de autobús**



Información e inscricións: www.carreirasgalegas.com



restaurante
san martiño
parrillada




Xurdir, en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través das secretarías xerais de Cultura e de Política Lingüística, organiza o **sábado 16 de maio de 2015** en Santiago de Compostela a II Carreira *Camiño das Letras*. Esta proba quere unir a conmemoración do Día das Letras Galegas e o simbolismo do Camiño de Santiago coa práctica do deporte, por iso, todos os participantes que rematen a carreira recibirán un libro e o diploma *Camiño das Letras*. Ademais, o centro escolar que máis alumnos presente na proba levará un trofeo e un lote de libros para a biblioteca. As inscricións realízanse a través da web: www.carreirasgalegas.com


1. DISTANCIAS E HORARIOS

As **probas das categorías de menores** (pitufo, prebenxamín-benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil) realizaranse a partir das **18.50 horas** por un circuío no monte do Gozo, coas seguintes distancias e intervalos de tempo:

18.50 h - PITUFOS (NENOS E NENAS)	200 m aprox.
19.00 h - PREBENXAMÍN-BENXAMÍN (NENOS E NENAS)	400 m aprox.
19.10 h - ALEVÍN-INFANTIL NENAS	1.200 m aprox.
19.20 h - ALEVÍN-ÍNFANTIL NENOS	1.800 m aprox.
19.30 h - CADETE-XUVENIL NENAS	1.800 m aprox.
19.45 h - CADETE-XUVENIL NENOS	2.400 m aprox.



A **proba absoluta** (das categorías júnior/promesa, sénior e veteranos) sairá ás **17.30 horas** desde o tramo da estrada nacional 634, sen tránsito pegado ao aeroporto da Lavacolla, na intersección que leva ao lugar de San Paio, e seguirá un circuíto de aproximadamente **8,5 km** ao longo do Camiño de Santiago e ata o monte do Gozo.



A carreira estará controlada polo Comité Galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo e formará parte do seu calendario oficial de probas en ruta.

2. INSCRICIÓNS

Realizaranse a través da páxina web: www.carreirasgalegas.com e estarán abertas ata o mércores 13 de maio ás 23.59 horas.

3. ENTREGA DE DORSAIS

A entrega dos dorsais realizarase no punto de información da planta baixa do **Centro Comercial As Cancelas de Santiago**, nos seguintes días e horarios:

Venres, 15 de maio, de 11.00 a 20.00 horas

Sábado, 16 de maio, de 11.00 a 14.00 horas

Tamén se permitirá a recollida dos dorsais na secretaría da competición situada no monte do Gozo, o día da proba ata as 18.30 h para as carreiras de menores.

4. PREMIOS E AGASALLOS

Todos os participantes que finalicen a proba de adultos e de menores recibirán como agasallo **un libro** e mais o **diploma Camiño das Letras**, para unir a conmemoración das Letras Galegas co simbolismo do Camiño de Santiago.

Ademais, recibirán premio:

- Os 3 primeiros clasificados (en mulleres e homes) da proba absoluta recibirán un trofeo deseñado especialmente para a proba e un lote de libros.
- Os tres primeiros clasificados das categorías de alevín a veterano recibirán un lote de libros.
- Todos os participantes das categorías pitufo, prebenxamín e benxamín recibirán un libro adaptado á súa idade.
- O centro escolar e o club que máis alumnos rematen a proba recibirán un trofeo e un lote de libros.

5. OUTROS SERVIZOS

A organización porá á disposición dos participantes un servizo de avituallamento, un servizo de gardarroupa e autobuses para facilitar o traslado dos atletas da carreira absoluta desde o punto de meta á zona de saída.

MÁIS INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS EN: www.carreirasgalegas.com